

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

Subcomisión Paritaria do día 11 de novembro

13/11/2025

A CIG quere deixar claro que esta acta non recolle un consenso real nin un acordo unánime xa que **o reparto de produtividade aplicado non conta coa nosa sinatura nin co noso aval**, e así o manifestamos. A produtividade, tal e como foi presentada, **non responde a criterios obxectivos, transparentes nin redistributivos**, e perpetúa as desigualdades que a Administración leva anos mantendo entre Servizos Centrais e Servizos Periféricos.

1. Productividade que non avalamos

A Administración e os sindicatos estatais volveron optar por un reparto decidido previamente en despachos e presentado na Subcomisión como un trámite.

A CIG NON asinou nin avala este modelo, nin a proposta de Mellora de Estranxeiría nin o reparto de Servizos Centrais, que seguen mantendo.

2. Modificación da RPT

O traslado dun posto M1 de Telecomunicacións e Informática desde SSCC a Periferia preséntase como un avance.

3. Permutas

Apróbanse as permutas propostas para persoal M2 de Ciencias da Información. A CIG non ten obxeccións formais.

4. Contratacións temporais

A contratación de persoal E2 por 8 meses en varias provincias só evidencia a incapacidade da Administración para recoñecer que estas necesidades son estruturais, non ocasionais.

5. Complementos

Apróbase un complemento PRJ, pero a realidade é que hai decenas de expedientes bloqueados, o Grupo de Complementos convócase cando lle interesa á Administración.

6. OEP 2021-22

O 4 de novembro incorporaráse o novo persoal.

Para a CIG, péchase a OEP pero abrese a mesma pregunta de sempre, cando vai haber unha planificación de emprego digna e plurianual que non dependa da improvisación política.

7. Vestuario

A Administración recoñece que non tiña uniformes preparados para o persoal recién contratado.

Din que “habilítanse partidas”.